

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DAS BASES PARA O CONCURSO DE ENTROIDO 2026

ANTECEDENTES:

O Concello de Carnota ten previsto realizar un concurso de Entroido, o sábado 14 de febreiro, para o que se elaboraron as bases que se anexan nesta resolución.

De acordo co indicado, **RESOLVO:**

1. Aprobar as bases correspondentes a dito concurso.
- 2.- Publicar as bases na Sede Electrónica do Concello e na web do mesmo.

O alcalde

Juan Manuel Saborido Rama

Ante min,

O secretario xeral

José Luis Veiga Sierra

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE ENTROIDO ORGANIZADO POLO CONCELLO DE CARNOTA NO ANO 2026,

Artigo 1. Finalidade e obxecto

Co obxectivo de promover unha das festividades populares máis relevantes da comarca, estas bases reguladoras buscan establecer o réxime de concesión de premios para o Concurso de Entroido organizado polo Concello de Carnota durante o sábado de Entroido no ano 2026.

Artigo 2. Solicitantes ou beneficiarios/as

Permitirase a participación de todas as entidades, grupos de persoas e individuos interesados que cumpran cos seguintes requisitos:

- Entidades: deberán estar legalmente constituídas e presentar a súa solicitude de participación no lugar e prazo establecidos nestas bases, así como achegar a documentación requirida.
- Grupos non constituídos legalmente: requirirase un acordo de constitución da agrupación, o DNI das persoas integrantes, a súa solicitude de participación presentada no prazo e forma establecidos e a documentación necesaria.
- Persoas a nivel individual: deberán proporcionar o DNI da persoa interesada, presentar a súa solicitude de participación no prazo e forma establecidos e achegar a documentación requirida.

Artigo 3. Condicións

Establécense tres categorías, segundo o número de participantes:

- Individual e parellas: 1 ou 2 persoas.
- Grupos: de 3 a 14 persoas
- Comparsas: a partir de 15 persoas ata un máximo de 50 (pola limitación do espazo).

Os/as beneficiarios/as que resulten premiados/as deberán cumprir os requisitos e as obrigas establecidas nos artigos 13 e 14.c da Lei de subvencións.

Artigo 4. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

4.1. Presentación de solicitudes de inscrición:

A inscrición das Comparsas ou Grupos ou persoas poderá realizarse a través dos seguintes medios:

- Rexistro xeral do Concello de Carnota.
- Sede electrónica municipal (sede.carnota.gal).

Nas inscricións, cada comparsa ou grupo ten que nomear unha persoa representante, da que proporcionarán o nome e apelidos, DNI e un teléfono de contacto.

4.2. Prazo de presentación:

Do 26 de xaneiro ao 6 de febreiro de 2026, en horario de 9.00 a 14.00 h.

Artigo 5. Condicións do concurso

5.1. Prohibicións:

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

Non está permitido utilizar animais vivos, elementos pirotécnicos nin inxerir bebidas alcohólicas durante todo o concurso.

5.2. Horario, lugar e horario de presentación, orde de participación e horario de comezo:

Lugar e horario: sábado 14 de febreiro, ás 19.00 h no Auditorio Municipal do Viso.

A orde de participación será a seguinte:

- Primeiro: os disfraces individuais e parellas
- Segundo: os grupos.
- Terceiro: as comparsas

As actuacións non poderán exceder os 10 minutos de duración. Os/as participantes que contén con coplas ou cancións teñen que entregar unha copia destas antes do comezo do desfile.

Artigo 6. Premios e contía

Establécense os seguintes premios e contías para as diferentes categorías:

- Categoría INDIVIDUAL E PARELLAS: 1 VALE DE 200 € para gastar en calquera establecemento comercial (tendas, restaurantes, salóns de peiteado, etc.) do concello de Carnota.
- Categoría GRUPOS: 1 VALE de 500 € para gastar en calquera establecemento comercial (tendas, restaurantes, salóns de peiteado, etc.) do concello de Carnota.
- Categoría COMPARSAS: 1 VALE de 1.000 € para gastar en calquera establecemento comercial (tendas, restaurantes, salóns de peiteado, etc.) do concello de Carnota.

O xurado poderá declarar deserto algún premio se considera que os/as participantes non reúnen uns mínimos de calidade.

Artigo 7. Resolución dos premios

A concesión dos premios será realizarse por proposta do xurado do concurso que estará composto por tres membros relacionados coa cultura e/ou a vida do noso concello.

7.1. Valoracións:

A puntuación das propostas participantes obterase da media das puntuacións de cada membro do xurado, que as valorará atendendo aos seguintes criterios:

- Creatividade, idea singular, invento e criterio artístico dos disfraces: 10 puntos
- Caracterización, ou logro ao representar a idea, dos seus compoñentes: 10 puntos
- Desfile, interpretación, gracilidade e simpatía, durante o desfile: 10 puntos
- Posta en escena e música, no escenario: 10 puntos
- Carroza, dificultade do traballo e concordancia co tema: 10 puntos
- Materiais empregados, respectuosos coa tradición e o medio ambiente: 10 puntos
- Cancións ou coplas, temática, rima e métrica das estrofas e graza dos/as intérpretes: 10 puntos

7.2. Notificación e publicidade:

O fallo do xurado darase a coñecer ao remate das actuacións no palco.

A participación neste concurso supón a total aceptación destas bases.